



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

No Salón de Actos da Casa do Concello, ás trece horas e trinta minutos do vinte e nove de setembro de dous mil dezaseis, reuníronse en sesión ordinaria (á que foron previamente convocados) baixo a presidencia do Sr. Alcalde Don José Ángel Santos Sánchez, os concelleiros Don Mauro Faustino Mourín González, Dona María Isabel García Pacín, Don Jesús Julio Cortiña López, Dona Fátima Iglesias Núñez, Don Juan Carlos Casal Pena, Dona María Ángeles Pilar López López, Don Álvaro Santos Ramos, Don José Antonio Barreiro Villar e Dona María de los Ángeles Martínez Martínez.

Non asiste á sesión a concelleira Dona María Josefa Janeiro Vizcaíno, disculpando a súa ausencia o Sr. Alcalde por motivos persoais.

Asiste como Secretario o da Corporación, Don Julio González Casanova.

Unha vez aberto o acto polo Sr. Alcalde, seguidamente pasouse a tratar os asuntos incluídos na orde do día da sesión.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.- Dáse conta ao Pleno do borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o trinta de xuño do actual, así como dos borradores das sesións celebradas o vinte e nove de agosto do actual (unha extraordinaria e outra extraordinaria de carácter urxente) repartidos coa convocatoria. Polo Sr. Alcalde pregúntase aos señores concelleiros se están de acordo coa redacción das actas, ou queren facer algunha alegación ao respecto.

Á vista de que polos señores concelleiros non se desexa formular ningunha cuestión ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA** prestar aprobación ao borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o trinta de xuño e das sesións celebradas o vinte e nove de agosto (extraordinaria e extraordinaria de carácter urxente), proclamando o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

2.- CONTA XERAL DO PRESUPUESTO DO EJERCICIO ECONÓMICO DE 2015.- Dáse conta ao Pleno do expediente tramitado en orde á aprobación da conta xeral do orzamento do exercicio económico de 2015. En cumprimento do disposto no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo (polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais) someteuse previamente ao preceptivo informe da Comisión Especial de Contas (na sesión celebrada o cinco de xullo do actual) e con posterioridade, cumpríntouse o trámite de información pública mediante edicto publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 165 de 19 de xullo do actual, sen que no prazo establecido se presentasen reclamacións, nin observacións ao respecto.

Á vista do expediente tramitado e das consideracións ao respecto, logo da exposición da proposta de acordo e de unha breve intervención do concelleiro do



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Grupo Socialista Sr. Santos Ramos na que conclúe que a postura do seu grupo será de abstención, á vista de que non se desexan facer mais intervencións ao respecto, procedeuse á votación. O Pleno do Concello, en votación ordinaria e por sete votos a favor (do Sr. Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular asistentes á sesión) e con tres abstencións (dos concelleiros do Grupo Socialista) **ACORDA**:

- Prestar aprobación á Conta Xeral do Presuposto para o exercicio de 2015, que arroxa os seguintes resultados:

COMPONENTES	IMPORTES ANO	
1. (+) FONDOS LÍQUIDOS		282.298,02
2. (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO		644.881,56
- (+) do Orzamento corrente	438.609,70	
- (+) de Orzamentos cerrados	203.118,84	
- (+) de operacións non orzamentarias	3.153,02	
- (-) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00	
3. (-) OBRIGACIÓNS PENDENTES DE PAGO		88.482,57
- (+) do Orzamento corrente	54.352,36	
- (+) de Orzamentos cerrados	0,00	
- (+) de operacións non orzamentarias	34.130,21	
- (-) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00	
I. Remanente de tesourería total (1+2-3)	838.697,01	
II. Saldos de dubidoso cobro	131.725,01	
III. Exceso de financiación afectada	0,00	
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III)	706.972,00	

ESTADO DE REMANENTE DE CRÉDITO:

1.- Orzamento definitivo.....	3.349.881,93.-
2.- Obrigacións recoñecidas netas	3.112.969,90.-
3.- Remanentes de Crédito (1-2)	236.912,03.-
4.- Total R. de Crédito comprometidos incorporables	8.812,54.-
5.- Total R. de Crédito non comprometidos (3-4) ...	228.099,49.-

- En cumprimento do disposto na vixente lexislación reguladora das facendas locais, remitirase copia da conta e do expediente tramitado ao Consello de Contas, a efectos da súa fiscalización.

Unha vez que se procede á votación no senso anteriormente indicado, polo Sr. Alcalde proclamouse o acordo adoptado, agradecendo á abstención aos concelleiros do Grupo Socialista.

3.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.- Dáse conta ao Pleno do expediente de modificación de créditos núm 4/2016 do estado de gastos do actual exercicio (terceiro da competencia do Pleno) polo importe de 197.291,96€, para atender aos gastos detallados no expediente, a cargo da Corporación, empregando como recursos para a súa financiación o remanente de tesourería, conforme se detalla no mesmo:



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

a) Concesión de créditos extraordinarios (Aplicacións non dotadas no Orzamento)

Aplicación Orzamentaria	Fins aos que se destinan os créditos e causas da súa necesidade	CONSIGNACIÓN
		Euros
320-619	Obras de pavimentación no recinto do Centro Público Integrado "Doctor López Suárez", consistentes no acondicionamento das diversas rúas de comunicación interna para todas as instalacións do Centro. Mellora de infraestruturas en mal estado.	22.570,00.-
136-210	Aportación municipal ao Convenio coa Consellería do Medio Rural, para o financiamento de tratamentos preventivos de xeito mecanizado. Accións de prevención e defensa contra os incendios forestais. Protección dos bens dos particulares e da administración.	10.000,00.-
323-221.99 323-625	Aportación municipal á subvención solicitada á Consellería de Política Social para a adquisición de equipamento con destino ao Punto de Atención á Infancia (xoguetes e similares así como mobiliario). Fomento da educación e dotación de medios para o Punto de Atención á Infancia.	5.000,00.- 2.000,00.-
342-210	Reposición de elementos na área do Club Fluvial. Conservación e funcionamento de instalacións deportivas e outras actuacións relacionadas. Melloras tendentes á elevación ou mellora da calidade de vida dos veciños.	7.000,00.-
326-226.09	Aportación para a realización de actividades lúdico-deportivas organizadas por esta Entidade Local, en colaboración co Centro Público Integrado "Doctor López Suárez", durante o presente curso, nas que pode participar calquer alumno/a do Centro. Accións tendentes á elevación ou mellora da educación dos alumnos/as do C.P.I.	10.000,00.-
Total créditos extraordinarios		56.570,00.-

b) Suplementos de crédito (Aplicacións dotadas insuficientemente)

Aplicación Orzamentaria	Consignación antes deste expediente	Aumento que se propón	Total consignación resultante	FINS AOS QUE SE DESTINAN OS NOVOS CRÉDITOS E CAUSAS DA SÚA NECESIDADE
153-609	51.500,00.-	50.721,96.-	102.221,96.-	Obra a realizar polo persoal do Obradoiro de Emprego "Cumes da Terra Chá", denominada: Execución de beirarrúas no tramo urbano da estrada LU-231 (Friol-Palas de Rei). Fomento e promoción do emprego en accións propias ou en colaboración con outras Administracións Públicas.
453-210	235.000,00.-	75.000,00.-	310.000,00.-	Dotación complementaria para reparacións, mantemento e conservación de infraestruturas básicas: Rede de estradas municipais, na época invernal de maior deterioro. Mellora da calidade de vida dos veciños-
165-221.12	31.000,00.-	15.000,00.-	46.000,00.-	Dotación complementaria para varias reposicións en alumeados públicos municipais. Trátase do mantemento dun servizo público básico. Actuacións coa finalidade de mellorar a calidade de vida en xeral.
Total suplementos		140.721,96.-		

RESUMO:

Total dos créditos extraordinarios.....	56.570,00.-
Total dos suplementos de crédito.....	<u>140.721,96.-</u>
IMPORTE TOTAL DA OPERACIÓN.....	197.291,96.-



Á vista do actuado e da documentación obrante no expediente, do disposto na lexislación aplicable ao respecto (Real Decreto legislativo 2/2002 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais), propónse a adopción do acordo de aprobación polo Pleno do Concello, en canto órgano competente. Logo da exposición da proposta polo Sr. Alcalde, procedeuse ao turno de intervencións. O concelleiro Sr. Santos Ramos, nunha breve intervención, conclúe que a postura do seu grupo, será de abstención. Á vista de que non se desexa facer mais intervencións ao respecto, seguidamente procedeuse á votación. O Pleno do Concello, en votación ordinaria e por sete votos a favor (do Sr. Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular asistentes á sesión) e con tres abstencións (dos concelleiros do Grupo Socialista) **ACORDA:**

- Prestar aprobación á proposta de modificación de créditos, coas cantidades que deben ser aplicadas ás aplicacións orzamentarias do estado de gastos que se reflicten no expediente.
- Que se continúe coa súa tramitación, cumprindo o trámite de información pública, a efectos de exame e presentación de reclamacións, por un prazo de quince días, mediante inserción de edictos no Taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia.
- Que de non presentarse reclamacións no período de exposición ao público, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional. No caso de presentarse, resolveranse polo Pleno.
- Unha vez aprobado definitivamente o expediente de modificación de créditos, publicarase no Boletín Oficial da Provincia o resume do Estado de Gastos por capítulos do presuposto, resultante das modificacións propostas.

Unha vez que se procede á votación, polo Sr. Alcalde proclamouse o acordo adoptado, agradecendo á abstención aos concelleiros do Grupo Socialista.

4.- DECRETOS DA ALCALDÍA.- Dáse conta ao Pleno das Resolucións da Alcaldía, transcritas ao Libro de Resolucións, das datas comprendidas entre o un de abril e o trinta de xuño do actual.

5.- INFORMES DA ALCALDÍA.- A continuación, polo Sr. Alcalde dáse conta ao Pleno como cuestión de interese para o mesmo:

- Acordo adoptado pola Xunta de Goberno, na sesión celebrada o 23 de maio do actual, en relación coa cesión en precario de local sito na planta baixa do edificio da antiga casa dos Mestres, á Notaría de Palas de Rei, que desexa manter a Notaría aberta ao público e desexa continuar coa cesión con carácter provisional.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- Acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local nas sesións celebradas o 22 de xullo e 19 de setembro do actual, en relación coa solicitude de subvencións para os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- Orde de 27 de maio do actual da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se resolve a integración da Axencia de Lectura Municipal de Friol na Rede de Bibliotecas de Galicia, así como do convenio asinado.
- Resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, polo que se concede o Obradoiro de Emprego "Cumes da Terra Cha" para os Concellos de Friol, Rábade e Begonte.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.- A continuación o Sr. Alcalde pregunta aos señores concelleiros se queren facer algún rogo ou pregunta.

O concelleiro do Grupo Mixto Sr. Santos Ramos pregunta quen designa aos representantes da administración ante as mesas electorais cando se produce o desenvolvemento das votacións.

O concelleiro do Grupo Mixto Sr. Santos Ramos pregunta por un expediente relativo ao camiño de Santalla, en Fondoso, Condes, en relación cunha denuncia con entrada no mes de febreiro, solicitando a reposición á legalidade dun camiño de titularidade municipal que figura no Inventario e que foi parcialmente ocupado e estreitado. A vista do tempo transcorrido, pregunta en que situación se atopa o expediente.

O concelleiro do Grupo Mixto Sr. Santos Ramos pregunta ao goberno municipal, aínda que non sexa competencia da administración local, se teñen coñecemento de certa tensión no centro escolar de Friol, de actuacións ás veces desmesuradas da dirección do mesmo, como o pasado martes, que privaron a pequenos da ESO de regresar no transporte escolar. Pregunta como se valora e se contempla desde a administración o impulso dunha investigación ao respecto.

O concelleiro do Grupo Mixto Sr. Santos Ramos pregunta ao Sr. Alcalde, se ten coñecemento de que servizo se estaba prestando, ou que actuación se estaba a realizar, co vehículo pick up 6080-JJJ o xoves 15 do presente mes, pola tarde ás 19 horas, se se trataba de unha tarefa municipal ou outro tipo de tarefa.

En relación co anteriormente exposto, formula un rogo, no senso de que se exerza o control sobre o uso dos vehículos polos traballadores e se aclare e verifique, se están a usarse os mesmos para actividades particulares, ou non estritamente relacionadas coa actividade

A continuación, polo Sr. Alcalde pásase a dar resposta ás cuestións formuladas polo concelleiro Sr. Santos Ramos.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

En relación coa primeira das cuestións, sobre os representantes da administración, o Sr. Alcalde pide ao Secretario que aclare quen designa aos representantes. Polo Secretario, dise que a Subdelegación do Goberno e, no caso das eleccións autonómicas a Consellería de Presidencia, piden aos Secretarios dos Concellos, que propoñan persoas para nomear aos representantes da administración, preferentemente persoal do concello, ao que se responde enviando unha relación polo Secretario, e no caso das autonómicas, por atoparse de vacacións, polo que desempeñaba accidentalmente o posto.

En relación, coa segunda das cuestións, a referente á tensión no CPI, ten concertada unha reunión coa directora do centro mañá ás doce da mañá. Engade que non foi posible facela antes, xa que acompañou aos maiores á excursión. Unha vez que se celebre a mesma, xa lle explicará en que consistiu.

En relación coa cuestión sobre o expediente relativo ao camiño de Santalla, en Fondoso, Condes, responde que si é sincero, non é coñecedor de en que situación se atopa. Informarase e daralle explicación ao respecto, á maior brevidade.

En relación coa cuestión sobre o uso dos vehículos municipais, responde que fará averiguacións ao respecto e adoptará as medidas para que non volvan a suceder estas situacións e se atopen os vehículos en zonas que non son de todo normal. Dalle a súa palabra, de que se solucionará o tema canto antes. Hai que mellorar a imaxe do concello, e os vehículos estean onde teñan que estar. Non é coñecedor de que os vehículos se usen para fins particulares, pero no caso de averigualo, non dubidará en adoptar as medidas que ao respecto procedan.

E non sendo outro o obxecto do presente acto, á vista de que non hai mais asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo ás trece horas e cincuenta minutos da data ao principio indicada, de todo o que que eu, Secretario do concello, redacto a presente acta e dou fe.